

RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, POLA QUE SE ANUNCIA O PROCEDEMENTO PARA A COMPRA, POR CONCURSO URXENTE, DUN INMOBLE NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CON DESTINO A CENTRO DE ORIENTACIÓN, EMPRENDEMENTO, ACOMPAÑAMENTO E INNOVACIÓN

1. Entidade adxudicadora:  
Xunta de Galicia: Consellería de Facenda e Administración Pública.  
Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
2. Obxecto do contrato:  
Tipo de contrato: compravenda.  
Descrición do obxecto: local comercial en planta baixa (segundo características e localización conforme ao prego de condicións) no concello de Santiago de Compostela, de entre 500 e 800 m<sup>2</sup> construídos.
3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:  
Concurso público urxente.
4. Orzamento base da licitación:  
Importe total: 800.000 € **(mais impostos)**
5. Obtención de documentación e información:  
Subdirección Xeral do Patrimonio. Consellería de Facenda e Administración Pública.  
Rúa Pastoriza 8, 15781 Santiago de Compostela.  
Teléfono: 981544151.  
Web <https://www.conselleriadefacenda.es/a-conselleria/transparencia/contratacion-patrimonial/concursos/compras>  
Correo electrónico: [ax.patrimonial.facenda@xunta.gal](mailto:ax.patrimonial.facenda@xunta.gal)
6. Presentación das ofertas:  
Data límite de presentación: os 15 días naturais seguintes á publicación do presente anuncio.  
Documentación a presentar: a indicada no prego de condicións.  
Lugar de presentación: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.
7. Apertura das ofertas:  
Data: 14 de marzo de 2022  
Hora: 10 horas.  
Lugar: sala de xuntas da Consellería de Facenda e Administración Pública en San Caetano, s/n - Santiago.
8. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital  
O secretario xeral técnico e do Patrimonio  
Jorge Atán Castro

